

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

ORDE do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador.

Mediante a Orde do 17 de outubro de 2000 aprobouse o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador.

Posteriormente, esta denominación foi inscrita no Rexistro Europeo de Denominacións de Orixe Protexidas e Indicacións Xeográficas Protexidas mediante o Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión, do 12 de setembro de 2007.

Por outra parte, coa entrada en vigor da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e co Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, producíronse cambios normativos importantes no relativo ao réxime xurídico e de funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo con esta normativa, no *Diario Oficial de Galicia*, número 171, do 4 de setembro de 2008, foi publicada a Orde do 29 de agosto de 2008 pola que se aprobou o Regulamento de denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador, derogando a Orde do 17 de outubro de 2000.

Nesta orde de cousas, a Sentenza do Tribunal Supremo ditada o día 16 de xullo de 2013 declara non proceder o recurso de casación interposto polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia e, polo tanto, confirma a sentenza ditada o 15 de abril de 2010 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento contencioso-administrativo 4647/2008, que declara non conforme a dereito a Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 29 de agosto do 2008, pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Mexillón de Galicia e do seu Consello Regulador, xerando unha situación excepcional de anulación do regulamento, anulación que leva aparellada a novación da vixencia do regulamento aprobado pola Orde do 17 de outubro de 2000.

Por todo isto, faise necesario aprobar un novo Regulamento para a denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador, o cal é obxecto desta orde.



De acordo cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación precisa para atender a súa finalidade. Igualmente, cumpre co principio de seguridade xurídica ao quedar engarzada co ordenamento xurídico.

Segundo o exposto, tras a proposta do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e de acordo co establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador

Apróbase o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador, que figura como anexo desta orde.

Disposición derogatoria única. Derogación da Orde do 17 de outubro de 2000

Queda derogada a Orde do 17 de outubro de 2000, da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se aprobou o Regulamento da denominación de orixe Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Mar



ANEXO
**Regulamento da denominación de orixe protexida
Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador**

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O presente regulamento establece as normas de aplicación e funcionamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia e do Consello Regulador do Mexillón de Galicia como órgano de xestión e control da dita denominación, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e no Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea polo que se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea a denominación Mexillón de Galicia.

Artigo 2. *Manual de calidade*

O Consello Regulador disporá dun Manual de calidade que recollerá normas complementarias de aplicación da denominación de orixe e, en particular, detallará as relativas ao proceso de control e certificación.

TÍTULO I
Da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia

CAPÍTULO I
Nome rexistrado e ámbito da protección

Artigo 3. *Nome rexistrado e fundamento da protección*

Utilizaranse indistintamente as denominacións Mexillón de Galicia ou Mejillón de Galicia, conforme o prego de condicións que deu base á súa inscrición no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea mediante o Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea, sen prexuízo da súa tradución aos restantes idiomas existentes na Unión Europea, e en virtude de tal inscrición, resúltalle de aplicación o réxime de protección establecido para as denominacións de orixe rexistradas.



Artigo 4. *Ámbito da protección*

A denominación de orixe rexistrada Mexillón de Galicia estará protexida contra:

a) Calquera uso comercial directo ou indirecto do nome rexistrado en produtos non amparados pola denominación rexistrada, cando os produtos sexan comparables aos produtos rexistrados con ese nome ou cando o uso do nome se aproveite da reputación do nome protexido, incluso cando eses produtos se utilicen como ingredientes.

b) Calquera uso indebido, imitación ou evocación, incluso se se indica a verdadeira orixe dos produtos ou servizos ou se o nome protexido se traduce ou se acompaña de expresións tales como «estilo», «tipo», «método», «producido en», «imitación» ou expresións similares, incluso cando eses produtos se utilicen como ingredientes.

c) Calquera outro tipo de indicación falsa ou falaz en canto á procedencia, a orixe, a natureza ou as características esenciais dos produtos, que se empregue no envase ou na embalaxe, na publicidade ou nos documentos relativos aos produtos de que se trate, así como a utilización de envases que, polas súas características, poidan crear una impresión errónea acerca da súa orixe.

d) Calquera outra práctica que poida inducir a erro o consumidor acerca da verdadeira orixe do produto.

Artigo 5. *Extensión da protección*

A protección outorgada á denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia esténdese ao uso do nome da área xeográfica de produción, as rías galegas, e esténdese ao uso dos nomes das rías, así como das comarcas, concellos, parroquias e localidades que compoñen a área xeográfica de elaboración, en relación con produtos da mesma ou similar natureza.

A protección alcanza desde a produción a todas as fases de comercialización, presentación, publicidade e etiquetaxe, así como os documentos comerciais dos produtos afectados.

Artigo 6. *Diferenciación de marcas*

No caso de que unha mesma marca, nome comercial ou razón social sexa utilizada para a comercialización de mexillón con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia e



outro ou outros produtos que carezan do amparo da devandita denominación, deberán-se introducir na etiquetaxe, na presentación e na publicidade destes produtos elementos suficientes que permitan diferenciar de maneira clara e sinxela o produto amparado coa denominación do que non a ten, para evitar, en todo caso, a confusión nos consumidores.

Artigo 7. *Logotipo da denominación xeográfica*

A denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia estará representada graficamente mediante o logotipo que figura no anexo deste regulamento.

O Consello Regulador disporá dun Manual de identidade corporativa que ten como obxecto a definición do logotipo e normas dos usos e aplicacións.

CAPÍTULO II

Descrición do produto e presentacións comerciais

Sección 1ª. Produto amparado e área de produción

Artigo 8. *Produto amparado*

A denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, ou DOP Mexillón de Galicia, ampara os mexillóns frescos da especie *Mytilus galloprovincialis* (Lamarck, 1819) cultivado no sistema de batea segundo as especificacións do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, que reúnan as características e cumpran en todas as fases, desde a produción ata a comercialización, os requisitos exixidos neste regulamento e na normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia.

O *Mytilus galloprovincialis* (Lamarck, 1819) é un molusco bivalvo, cuxa cuncha está formada por dúas valvas iguais (equivalvas) de carbonato cálcico, cubertas externamente por unha capa denominada periostraco. Como consecuencia da inmensa produtividade primaria das rías galegas, que xera unha gran riqueza de flora e fauna mariñas, a miúdo o periostraco presenta adherencias de especies animais como balanos (arneirón), poliquetos e briozoos, así como vexetais (algas).

Ten unha característica forma de machada. A cor externa é negra azulada e nel pódense observar unhas liñas concéntricas denominadas estrías do crecemento.

En canto ao aspecto interno, o primeiro que se observa é o manto, normalmente de cor crema alaranxada, que presenta unha ampla abertura na rexión ventral por onde entra a



auga ao interior e un pequeno orificio nas proximidades do músculo abductor posterior, que é por onde a expulsa. Nos bordos atópase unha sinuosa banda de cor violeta ou púrpura escura que ten unha serie de prolongacións que se entrelazan, constituíndo unha especie de filtro para impedir que poidan entrar partículas de tamaño excesivamente grande no seu interior.

As características morfolóxicas, fisiolóxicas e xenéticas son:

– Morfolóxicas:

Cor do bordo do manto: violeta ou púrpura escura.

Charnela: menos alongada.

Músculo abductor anterior: pequeno.

Extremo apical: puntiagudo. Curvado cara a dentro.

– Fisiolóxicas:

Repouso sexual: curto.

Liberación de gametos cando están xuntos: en distinta época do ano.

Consumo de oxíxeno: decrece a partir de 25 graos.

Ritmo cardíaco á mesma temperatura: inferior.

Resistencia a baixas temperaturas: ata 7 graos.

Resistencia a baixas salinidades: ata 19 por mil.

– Xenéticas (frecuencias alélicas):

Alelo 90. Est-D: 88-95 %.

Alelo 100. Est-D: 1-6 %.

Alelo 100. Lap-I: 3-6 %.



Alelo 108. Lap-I: 43-61 %.

Alelo 100. MP-1: 55-93 %.

Artigo 9. *Área xeográfica delimitada*

A área xeográfica delimitada para a produción do Mexillón de Galicia comprende as rías galegas das provincias da Coruña e Pontevedra, que abarca o espazo marítimo interior ás tradicionais liñas imaxinarias entre puntas, naquelas zonas que se atopen autorizadas para o cultivo do mexillón polo organismo competente, quedando habilitadas para o cultivo de Mexillón de Galicia as rías de Ares-Sada, Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo.

A área xeográfica delimitada para a elaboración do Mexillón de Galicia esténdese ás comarcas, os concellos, as parroquias e as localidades próximas á área xeográfica de produción.

Sección 2ª. Prácticas de cultivo

Artigo 10. *Método de produción*

O método tradicional de produción do Mexillón de Galicia é o cultivo en bateas, que deberán estar inscritas no rexistro correspondente.

Artigo 11. *Semente*

A semente obtense das rochas do litoral ou de colectores que permiten a fixación sobre eles das larvas desta especie.

Artigo 12. *Desdoblamento*

A práctica do desdoblamento consiste en retirar o mexillón das cordas iniciais e confeccionar outras novas cordas con mexillón de tamaño máis homoxéneo e menor número de individuos.

Artigo 13. *Extracción*

Cando o molusco alcanza o tamaño e ten as condicións para ser comercializado, procedese á extracción do mexillón en lotes.



Artigo 14. *Control de descargas*

A cada lote de mexillón, unha vez transportado a porto, realizaráselle unha mostraxe da cal se concluirá a estimación do número de pezas ou de viandas por quilogramo e o rendemento medio da mostra, e emitirase un documento de certificación do produto, que acompañará o lote.

Artigo 15. *Rango de control*

O Pleno do Consello Regulador decidirá o rendemento e o número de pezas ou viandas por quilo que deberán presentar as mostraxes dos lotes de mexillón cultivado aceptable para a súa certificación, que deberán constar no Manual de calidade e que serán conformes cos rangos establecidos no prego de condicións para cada un dos parámetros.

Sección 3ª. Acceso ao mercado de moluscos frescos**Artigo 16. *Acceso ao mercado en fresco***

Para acceder ao mercado de consumo de moluscos frescos co amparo da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, o mexillón descrito deberá de ser cultivado en batea segundo as especificacións do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, nas condicións de calidade de augas legalmente establecidas, cumprir as normas de produción e posta no mercado establecidas no Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e pasar por un centro de depuración/expedición, que deberá estar inscrito no rexistro correspondente.

Artigo 17. *Lotes de entrada*

Cada un dos lotes de mexillón que teña entrada nos centros de depuración/expedición deberá estar amparado polo correspondente documento de certificación que o identifica. Re caerá nos centros de depuración/expedición a responsabilidade de acondicionar o mexillón segundo os requisitos establecidos de conformidade co Regulamento (CE) nº 853/2004.

Artigo 18. *Envasado*

Unha vez que o mexillón foi preparado, depurado e desbisado, se for o caso, e manipulado e acondicionado en atmosfera convencional, ao baleiro ou en atmosfera protectora,



terá unha presentación acorde coas necesidades do mercado, con materiais autorizados pola lexislación vixente, de diferentes formatos e pesos, que constitúan unidades de venda independentes.

Artigo 19. *Identificación*

O produto amparado e así comercializado portará na etiqueta a expresión denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, ademais doutros símbolos ou logotipos que o Consello Regulador determine, que identifique e garanta a rastrexabilidade do produto, con aposición do símbolo da Unión Europea para as denominacións de orixe protexidas.

Sección 4ª. Acceso ao mercado de transformados

Artigo 20. *Acceso ao mercado dos produtos elaborados*

Para acceder ao mercado de consumo de alimentos elaborados, os produtos que utilicen como ingrediente Mexillón de Galicia, incluso tras un proceso de tratamento tecnolóxico ou conserva, poderán incorporar na súa etiquetaxe a mención Elaborado con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, sen aposición do símbolo da Unión Europea para as denominacións de orixe protexidas.

Artigo 21. *Lotes de entrada*

Cada un dos lotes de mexillón de cultivo que teña entrada nos centros de transformación deberá estar amparado polo correspondente documento de certificación que o identifica. Re caerá nestes centros a responsabilidade de acondicionar o mexillón aos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 22. *Uso da mención*

Para poder acceder ao dereito de uso da mención Elaborado con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, o produto final deberá estar elaborado con Mexillón de Galicia como materia prima exclusiva da súa categoría.

Artigo 23. *Requisitos*

Para velar polo correcto uso da denominación protexida e co fin de verificar o cumprimento do exposto nos artigos precedentes, as empresas transformadoras deberán estar inscritas no correspondente rexistro do Consello Regulador e explicitamente autorizadas.



CAPÍTULO III

Etiquetaxe e usos autorizados

Artigo 24. *Utilización de nomes, símbolos e mencións*

A denominación rexistrada denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia e a mención Elaborado con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia poderán ser utilizadas por calquera operador alimentario que cumpra o establecido neste regulamento e na normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia, sempre que os seus produtos sexan conformes.

Artigo 25. *Etiqueta*

A etiqueta da denominación de orixe protexida, adaptada ás distintas presentacións comerciais dos produtos frescos, estará conformada cando menos, polo anagrama identificador e a inscrición denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, que deberán figurar obrigatoriamente e de forma destacada nos envases ou na etiquetaxe comercial dos produtos conformes de cada operador, ademais dos códigos de control que garantan a rastrexabilidade do produto.

Artigo 26. *Requisitos da etiqueta*

As etiquetas serán dun só uso, e o seu período de validez equivalerá ao de caducidade do produto recoñecido polas autoridades sanitarias competentes, segundo as distintas presentacións comerciais dos produtos.

Artigo 27. *Autorización de etiquetas*

O Consello Regulador autorizará as etiquetas comerciais que fagan uso do nome rexistrado denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia e a mención elaborado con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, antes da súa posta en circulación coa finalidade de velar polo correcto uso da denominación protexida, e levará actualizado un rexistro de control de etiquetaxes.

Artigo 28. *Autorización doutros usos*

O Consello Regulador poderá autorizar que nas bateas e nas instalacións das empresas inscritas e nos seus medios de transporte, incluídas as embarcacións auxiliares de cultivo, nun lugar destacado, figure o logotipo da denominación.



Poderá autorizar, igualmente, que establecementos ou instalacións de venda polo miúdo que expendan produto amparado pola denominación de orixe protexida poidan utilizar o distintivo dela, colocado de forma visible e de xeito que permita unha correcta identificación do produto protexido.

Así mesmo, poderá autorizar calquera outro uso que considere oportuno para a promoción, notoriedade e prestixio do Mexillón de Galicia.

CAPÍTULO IV

Rexistros, solicitudes de inscrición, altas e baixas

Artigo 29. *Rexistros*

O Consello Regulador disporá que os titulares correspondentes sexan inscritos nos seguintes rexistros:

- Rexistro de Bateas.
- Rexistro de Centros de Depuración-Expedición.
- Rexistro de Centros de Transformación.

Os rexistros recollerán a información necesaria para a xestión do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, así como para a verificación do prego de condicións e do cumprimento dos requisitos establecidos neste regulamento e na normativa de aplicación á DOP Mexillón de Galicia.

Artigo 30. *Rexistro de Bateas*

1. No Rexistro de Bateas inscribíranse as bateas que estean situadas na zona de produción delimitada en que o seu mexillón opte ao amparo da denominación rexistrada.

2. Cada concesión administrativa outorgada pola autoridade competente e a batea aneja considéranse como unidade de produción independente, e será obxecto de inscrición individual no rexistro. O formulario de solicitude de inscrición estará encabezado pola persoa titular ou cotitulares da concesión, e asinado por todos e cada un deles.

3. No caso de existiren varios cotitulares da concesión, e na falta doutra indicación debidamente documentada, a persoa que figure como primeiro cotitular na documentación



oficial de concesión será considerada titular a todos os efectos contidos neste regulamento e normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia. No formulario de solicitude de rexistro constará referencia a esta circunstancia.

4. O titular da concesión poderá delegar a condición de representante mediante documento de apoderamento en que constará, ademais, a declaración responsable do apoderado aceptando a condición de representante.

5. O titular ou o representante apoderado poderá delegar facultades para o exercicio de actividades (tales como asistencia a asembleas informativas, pagamento das obrigas económicas, trámites colectivos ante órgano de control e certificación ante o Consello Regulador en xeral, actividades de colaboración) a favor da entidade organizativa sectorial (organización, asociación, cooperativa ou sociedade) á que pertenza mediante documento de delegación en que constará, ademais, a declaración responsable da entidade aceptando tal delegación.

6. O Consello Regulador entenderá co titular ou co representante apoderado todos os trámites, notificacións e comunicacións que deba formular aos inscritos.

7. Co fin de cumprir os puntos anteriores, o Consello Regulador porá á disposición os correspondentes formularios.

Artigo 31. *Solicitude de inscrición no Rexistro de Bateas*

1. Na solicitude de inscrición figurarán, como mínimo, os datos identificativos do titular (nome/s e apelidos ou denominación ou razón social da sociedade, enderezo, número de identificación fiscal ou documento equivalente) e da batea (folio, cuadrícula, polígono, distrito e ría), así como, se é o caso, indicación da entidade organizativa sectorial a que pertenza.

2. Sen prexuízo dos restantes documentos que resulten exibibles coa solicitude de inscrición deberá achegarse fotocopia da concesión outorgada pola autoridade competente.

Artigo 32. *Rexistros de Centros de Depuración/Expedición*

No Rexistro de Centros de Depuración-Expedición inscribíranse as empresas alimentarias que, cumprindo os requisitos exixidos, realicen actividades produtivas na cadea de obtención de produtos do mexillón que opte ao uso da DOP Mexillón de Galicia.



Artigo 33. *Rexistros de Centros de Transformación*

No Rexistro de Centros de Transformación inscribíranse as empresas alimentarias que, cumprindo os requisitos exixidos, realicen actividades produtivas na cadea de obtención de produtos do mexillón que opte ao uso da mención elaborado con DOP Mexillón de Galicia.

Artigo 34. *Solicitudes de inscrición nos rexistros de Centros de Depuración/Expedición e Centros de Transformación*

1. Na solicitude de inscrición figurarán, como mínimo, os datos identificativos do representante de ser o caso, e da empresa titular (nome/s e apelidos ou denominación ou razón social da sociedade, enderezo, número de identificación fiscal ou documento equivalente), das instalacións (localidade e municipio, características, tipos de actividade e maquinaria), marcas a utilizar e tipos de produto, facéndose constar a inscrición no rexistro sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

2. Coa solicitude de inscrición achegarase acreditación ou declaración responsable da condición de representante, copia da inscrición no rexistro sanitario, acreditación da titularidade da/s marca/s ou declaración responsable de titularidade ou, de ser o caso, autorización do uso dela conforme o formulario que se cita no artigo seguinte.

Artigo 35. *Directorio de marcas*

Establécese un directorio de marcas en que se anotarán aquelas marcas cuxos titulares non poidan ser inscritos nos rexistros e encomenden a elaboración dos seus produtos a empresas rexistradas e desexen amparalos ao abeiro da DOP Mexillón de Galicia.

As anotacións realizaranse para os efectos de complementar a información dispoñible nos rexistros de cara á verificación dos requisitos aplicables establecidos na normativa da DOP Mexillón de Galicia.

A solicitude de anotación presentarase nos formularios que o Consello Regulador poña á disposición das empresas inscritas nos rexistros e dos titulares das ditas marcas. Nela figurarán, como mínimo, os datos de identificación do titular, da marca, e das empresas inscritas ás cales se lles encomenda a elaboración dos produtos e se autoriza o uso da marca.

As empresas inscritas ás cales lles encomenden a elaboración dos produtos terán dereito ao uso da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia ou da mención Elaborado con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia nos produtos conformes elabo-



rados coa marca anotada, agás nos supostos de sanción firme que supoña a suspensión temporal ou definitiva do uso do nome protexido.

O Consello Regulador poderá acordar o establecemento dun ingreso polos servizos derivados do mantemento do directorio de marca a cargo do titular da marca, que poderá ser satisfeito polo elaborador do produto.

Artigo 36. Procedemento e condicións da inscrición nos rexistros

1. A inscrición nos rexistros é voluntaria e as solicitudes dirixiranse ao Consello Regulador nos formularios que este proporcione, cos datos e comprobantes que dispoña.

2. As solicitudes serán revisadas polo órgano de control e certificación do Consello Regulador, que comprobará o cumprimento de todos os requisitos necesarios.

3. O Consello Regulador denegará de forma motivada ou entregará, se procede, unha credencial da dita inscrición.

4. As empresas segundo as actividades que realicen, deberanse inscribir no rexistro ou rexistros correspondentes.

5. As declaracións que figuren nos rexistros non poderán facilitarse nin publicarse máis que de forma xeral, sen referencia ningunha de carácter individual, cando estean protexidas pola lexislación sobre protección de datos.

6. Cando o proceso de obtención dos produtos que opten ao amparo da DOP Mexillón de Galicia sexan realizados en distintas unidades de produción ou centros produtivos, desde o cultivo ata a elaboración final, todos eles deberán estar inscritos no rexistro correspondente.

Artigo 37. Vixencia e renovación das inscricións nos rexistros

Para a vixencia e renovación das inscricións nos correspondentes rexistros, será indispensable cumprir en todo momento cos requisitos impostos neste regulamento e na normativa aplicable a DOP Mexillón de Galicia, debendo comunicar os inscritos calquera variación que afecte os datos consignados na solicitude de inscrición.



Artigo 38. Verificación dos requisitos

1. Coa finalidade de velar polo correcto uso do nome protexido, o Consello Regulador poderá realizar as comprobacións necesarias co fin de verificar o mantemento das condicións e a suxeición dos inscritos e produtos aos requisitos establecidos neste regulamento e na normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia, deixando constancia documental delas.

2. O Consello Regulador poderá suspender cautelarmente as inscricións cando non se atean a tales prescricións. A suspensión da inscrición comporta a suspensión do dereito de uso da DOP Mexillón de Galicia.

Artigo 39. Xestión dos rexistros: suspensións e baixas

1. A solicitude de baixa nos rexistros é voluntaria, podéndoa solicitar o inscrito en calquera momento.

2. Así mesmo, o Consello Regulador poderá acordar, tras a resolución do correspondente expediente e con audiencia ao interesado, a suspensión ou a baixa do inscrito por incumprimento dos requisitos exixidos ou das súas obrigas.

3. Cando o inscrito careza de actividade respecto do Consello Regulador, este poderá acordar, tras a resolución do correspondente expediente e con audiencia ao interesado, a suspensión da súa inscrición ou a súa baixa, agás causa maior debidamente acreditada.

Enténdese que un inscrito carece de actividade cando, durante un período de dous anos consecutivos, non teña realizado subministración ou comercialización do produto sometendo o mexillón ao sistema de control e certificación de calidade que ten implantado o Consello Regulador.

4. No caso de non satisfacer o pagamento de calquera das obrigas económicas nos prazos establecidos e demorado o pagamento polo menos seis meses, o Pleno poderá acordar, tras a resolución do correspondente expediente e con audiencia ao interesado, a suspensión dos dereitos do inscrito. Se no prazo dun ano desde o requirimento non pagar a débeda, poderá ser dado de baixa no rexistro, sen prexuízo da obrigatoriedade do seu pagamento.

5. As persoas físicas ou xurídicas que se dean ou sexan dadas de baixa nalgún dos rexistros deberán cumprir as obrigas pendentes co Consello Regulador. Mentres existan obrigas pendentes non se poderá proceder a unha nova inscrición.



6. Unha vez producida a baixa, establécese un período de dous anos para proceder a unha nova inscrición. Esta limitación non será aplicable no caso de cambio de titularidade.

7. Os acordos ou resolucións que tome o Consello Regulador respecto do inscrito circunscribíranse á inscrición correspondente, agás cando o acordo ou resolución indique explicitamente que afecta todas as inscricións en que figure.

CAPÍTULO V Dereitos e obrigas dos inscritos

Artigo 40. *Dereitos comerciais exclusivos de uso da DOP*

1. O dereito ao uso da denominación rexistrada Mexillón de Galicia ou da mención Elaborado con denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, dos seus símbolos, anagramas e logotipo na información, propaganda, publicidade, documentación, precintos e etiquetas, independentemente do soporte utilizado (papel, dixital, audiovisual ou calquera outro), é exclusivo das firmas inscritas nos diferentes rexistros do Consello Regulador que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento e demais normativa propia da denominación.

2. Calquera persoa física ou xurídica inscrita nos rexistros que cumpra os requisitos establecidos neste regulamento e demais normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia terá dereito ao uso da denominación Mexillón de Galicia ou da mención elaborado con DOP Mexillón de Galicia nos produtos conformes, agás nos supostos de sanción firme que supoña a suspensión do uso do nome protexido.

3. Só as persoas físicas ou xurídicas inscritas no correspondente rexistro do Consello Regulador que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento e demais normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia poderán producir, transformar ou elaborar o mexillón que opte a ser amparado pola denominación rexistrada Mexillón de Galicia.

4. Só se poderá aplicar a denominación rexistrada Mexillón de Galicia ou a mención elaborado con DOP Mexillón de Galicia ao mexillón que fose producido, transformado ou elaborado conforme as normas exixidas por este regulamento e demais normativa propia da denominación.

Artigo 41. *Dereitos políticos*

A inscrición no correspondente rexistro outorga ás persoas físicas ou xurídicas, sempre que se manteña o cumprimento dos requisitos que establece este regulamento e demais



normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia, o dereito a participar na vida e actividades sociais do Consello Regulador, así como a ser elector con un voto por cada inscrición individual que conste en cada rexistro en que figure inscrito, e elixible para a conformación dos órganos de goberno do Consello Regulador do Mexillón de Galicia e candidato a ser designado membro da Xunta Electoral.

Artigo 42. Dereito de acceso aos servizos prestados polo Consello Regulador

A inscrición nos rexistros correspondentes e o cumprimento dos requisitos exixidos por este regulamento e pola normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia outorga ás persoas inscritas o dereito de participaren e teren acceso aos servizos prestados polo Consello Regulador.

Artigo 43. Obrigas xerais

1. Coa inscrición nos rexistros correspondentes, as persoas inscritas quedan obrigadas a satisfacer as contribucións económicas, ao cumprimento do disposto neste regulamento e na demais normativa aplicable, así como tamén estarán sometidas aos acordos que adopte o Consello Regulador.

2. Para o exercicio de calquera dereito que lles poida corresponder ou para poderen beneficiarse dos servizos que preste o Consello Regulador, as persoas inscritas deberán estar ao día das súas obrigas co Consello Regulador e teren actualizadas as inscricións.

3. Ademais, as persoas físicas e quen represente as persoas xurídicas inscritas nos rexistros do Consello Regulador están obrigadas a colaborar na realización dos procesos electorais para a renovación dos seus órganos de goberno, participando como membros das mesas ou doutros órganos electorais nas ocasións en que fosen nomeadas.

Artigo 44. Obrigas operativas

1. As empresas inscritas nos rexistros que operen con mexillón non amparado pola denominación deberán observar escrupulosamente a separación de lotes co fin de evitar calquera tipo de interferencia ou contaminación cruzada co mexillón comercializado baixo o amparo da denominación de orixe, e manter intacta a súa rastrexabilidade, someténdose ás normas establecidas neste regulamento e demais normativa aplicable á DOP Mexillón de Galicia para controlar eses produtos e garantir, en todo caso, a orixe e a calidade dos mexillóns protexidos pola denominación.



2. As persoas físicas ou xurídicas que teñan inscritas bateas ou empresas soamente poderán realizar os labores propios da súa actividade nos viveiros ou locais declarados na solicitude de inscrición nos rexistros cando se trate de produto cualificado. En caso contrario perderán dereito á cualificación.

CAPÍTULO VI **Control e certificación: estrutura e proceso**

Artigo 45. *Órgano de control e certificación*

O control e certificación dos produtos amparados pola denominación de orixe protexida serán realizados por un órgano integrado no Consello Regulador do Mexillón de Galicia conforme o establecido no artigo 15.1.b) da Lei 2/2005 e no artigo 65 do Decreto 4/2007, realizando as súas actuacións sen dependencia xerárquica respecto dos órganos de goberno. Para tal función, en virtude do establecido no punto 2 do artigo 65 do Decreto 4/2007, poderá subcontratar todas ou algunhas das actuacións relacionadas coa certificación.

Artigo 46. *Estrutura do Órgano de Control e Certificación*

Para o desempeño das súas funcións, o Órgano de Control e Certificación contará cun Comité de Certificación, e persoal técnico habilitado dirixido pola persoa que ocupe a Dirección Técnica, que será nomeado polo Pleno.

Artigo 47. *Comité de Certificación*

1. O Consello Regulador nomeará un Comité de Certificación integrado no Órgano de Control e Certificación, e constituído por persoas expertas en representación das partes significativamente interesadas no proceso de certificación.

2. O Comité de Certificación estará composto, cando menos, por un representante de cada un dos seguintes sectores: produtores, depuradores, transformadores, consumidores e consellería competente en produtos mariños, e será presidido pola persoa que ocupe a Dirección Técnica. Contará, así mesmo, coa asistencia, con voz pero sen voto, dun secretario, que preferentemente será o do Consello Regulador.

3. Son funcións do Comité de Certificación, entre outras:

a) Salvaguardar que as actividades de certificación se executen de xeito imparcial.



b) Participar na formulación e desenvolvemento das políticas relacionadas co sistema de certificación e na súa revisión.

c) Resolución das apelacións.

d) Outras que poda delegar o Pleno.

Artigo 48. *Dirección Técnica*

Son funcións da Dirección Técnica, entre outras:

a) O desenvolvemento das actividades de certificación.

b) As decisións relativas á certificación.

c) Asinar acordos de certificación cos operadores inscritos.

d) Resposta a queixas e reclamacións.

e) A competencia do persoal.

f) Responsabilidade do sistema de xestión da certificación.

Artigo 49. *Autocontrol*

Os distintos operadores inscritos nos diferentes rexistros do Consello Regulador deberán asegurar que se cumpren os requisitos de certificación, incluídos os requisitos do produto.

Artigo 50. *Actividades de control*

1. O órgano de control realizará as inspeccións necesarias das explotacións, instalacións, documentación, produtos e materias primas, e cantas outras actividades sexan necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos e a conformidade dos produtos.

2. Todas as persoas físicas ou xurídicas titulares de bens inscritos nos rexistros do Consello Regulador deberán someter as explotacións, instalacións e empresas ás actuacións que realice o órgano de control para verificar o cumprimento dos requisitos e a conformidade dos produtos que exhiben ou opten a exhibiren a denominación Mexillón de Galicia.



3. Para facilitar o control dos procesos de produción, transformación e elaboración, os inscritos nos rexistros do Consello Regulador terán que levar os rexistros e realizar as declaracións que se establezan.

Artigo 51. *Certificación*

1. O órgano de control e certificación resolverá o que proceda sobre a certificación ou non do produto no prazo máis breve posible, sen que esta decisión sexa impugnabile en vía administrativa, agás que o recurso se fundamente no incumprimento das normas de funcionamento que son aplicables ao dito órgano.

2. Cando se comprobe que un produto non se produciu, elaborou ou transformou de acordo cos requisitos do regulamento e demais normas propias da denominación, ou presente defectos ou alteracións, non poderá comercializarse baixo o seu amparo, sen prexuízo, de ser o caso, de trasladar comunicación á consellería competente en produtos mariños.

TÍTULO II

Do Consello Regulador Mexillón de Galicia

CAPÍTULO I

Consello Regulador

Artigo 52. *Réxime xurídico do Consello Regulador*

1. O Consello Regulador Mexillón de Galicia é unha corporación de dereito público a que se lle atribúe a xestión e control da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, coas funcións que determina a lei e este regulamento.

2. O Consello Regulador Mexillón de Galicia ten personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O seu funcionamento, sen ánimo de lucro, estará suxeito ao dereito privado con carácter xeral, con excepción das actuacións que supoñan o exercicio de potestades públicas, nas cales se someterán ás normas do dereito administrativo.

Artigo 53. *Fins do Consello Regulador*

Son fins do Consello Regulador, baixo a máis ampla acepción, a defensa e promoción da DOP e o control e fomento da calidade.



Artigo 54. Funcións do Consello Regulador**1. Son funcións do Consello Regulador:**

a) Xestionar os correspondentes rexistros.

b) Velar polo prestixio e o fomento da denominación e denunciar, de ser o caso, calquera uso incorrecto ante os órganos administrativos e xurisdicionais competentes.

c) Aplicar os sistemas de control establecidos, referidos aos produtos, á calidade, ás circunstancias conducentes á certificación do produto final e outros que correspondan.

d) Velar polo cumprimento das disposicións deste regulamento.

e) Investigar e difundir entre os seus inscritos o coñecemento e a aplicación dos sistemas de produción e comercialización propios da denominación, e asesorar as empresas que o soliciten e a Administración.

f) Proporlle á consellería competente en produtos mariños as modificacións oportunas deste regulamento.

g) Formularlle á consellería competente en produtos mariños propostas de modificación, orientacións de intervención no sector, mesmo de cambios ou reformas normativas, e propostas de actuacións inspectoras.

h) Informar os consumidores sobre as características de calidade dos produtos.

i) Realizar actividades promocionais.

j) Elaborar estatísticas de produción, elaboración e comercialización, para uso interno e para a súa difusión e xeral coñecemento.

k) Acordar e xestionar os recursos, conforme o establecido neste regulamento, cos que vai contar para o seu financiamento.

l) Formar e manter actualizados os rexistros e o directorio de marcas.

m) Expedir certificados de orixe e precintos de garantía, incluída a autorización das etiquetas e contraetiquetas dos produtos amparados pola denominación.



n) Autorizar e controlar o uso das etiquetas comerciais utilizables nos produtos protexidos, a través dos servizos técnicos, naqueles aspectos que afecten a denominación.

o) Establecer os parámetros do mexillón apto para ser certificado, con base en criterios de defensa e mellora da calidade, e dentro dos límites fixados neste regulamento e no prego de condicións.

p) Propor os requisitos mínimos de control a que debe someterse cada operador en todas e cada unha das fases de produción, transformación, elaboración e comercialización, para a súa inscrición e para o mantemento da certificación.

q) Colaborar coas autoridades competentes, en particular no mantemento dos rexistros públicos oficiais, así como cos órganos encargados do control.

r) Velar polo desenvolvemento sustentable da zona de produción.

s) Elaborar, aprobar e xestionar os seus orzamentos.

t) De ser o caso, cualificar cada anada ou colleita.

u) Prestar aos operadores inscritos servizos relacionados coa certificación doutros esquemas de certificación para o cal deberá, tras do acordo co dono do sistema, obter a acreditación correspondente.

v) As demais funcións atribuídas pola normativa vixente.

2. Ademais do exercicio das funcións citadas e das encomendadas e delegadas pola consellería competente en produtos mariños, o Consello Regulador poderá levar a cabo toda clase de actividades que contribúan aos seus fins, promover, participar ou relacionarse con toda clase de asociacións, fundacións e sociedades civís ou mercantís, así como con outras administracións públicas, establecendo os oportunos convenios de colaboración.

Artigo 55. *Órganos do Consello Regulador*

Os órganos de goberno do Consello Regulador son o Pleno, a Presidencia e as vicepresidencias.

A estrutura do Consello Regulador contará tamén coa secretaría e o órgano de control e certificación, podendo, ademais, crear comisións específicas.



Artigo 56. O Pleno. Composición

1. O Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia é o órgano superior de goberno da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia elixido por períodos de catro anos, e estará constituído por:

a) Un presidente.

b) Seis vogais, en representación do subsector produtor, elixidos democraticamente por e entre os titulares de bateas inscritas.

c) Seis vogais, en representación das empresas comercializadoras, elixidos democraticamente por e entre os titulares de centros de expedición/depuración e empresas transformadoras inscritas respectivamente. Tres vogais corresponderán aos centros de depuración e/ou expedición de mexillón fresco e tres ás empresas de transformación.

2. Todos os membros do Pleno deberán ser elixidos segundo se especifica no capítulo IV deste título II.

Artigo 57. Funcionamento do Pleno

1. Actuará baixo a dirección da persoa que exerza a presidencia, que tamén formará parte do Pleno, e contará coa asistencia, con voz pero sen voto, do secretario.

2. As persoas que ocupen o cargo de vogal deberán estar vinculadas aos sectores que representan, ben directamente ou por ser representantes das sociedades inscritas no rexistro correspondente ao subsector que representan.

3. Non obstante, unha mesma persoa física ou xurídica inscrita en varios rexistros do Consello Regulador non poderá ter no Pleno dobre representación nin directamente nin a través de firmas ou empresas filiais ou socios dela.

4. Cando o vogal sexa persoa xurídica, estará representado no Pleno pola persoa física que os seus órganos de goberno designen en cada momento. Na normativa complementaria detallaranse os requirimentos e condicións necesarios dos representantes das persoas xurídicas.

5. A consellería competente en produtos mariños poderá designar ata dous delegados, que asistirán ás reunións do Pleno con voz pero sen voto. Así mesmo, o Pleno poderá



solicitar a asistencia ás sesións plenarias dun representante da consellería competente en saúde pública.

6. Por cada un dos vogais de cada subsector, designarase un suplente, elixido da mesma forma que o titular.

7. O prazo máximo para a toma de posesión dos vogais será, como máximo, dun mes, contado desde a data da súa proclamación.

Artigo 58. *Dereitos e deberes dos membros do Pleno*

1. A condición de membro do Pleno non ten carácter retribuído.

2. Os membros do Pleno teñen o dereito e a obriga de asistir, con voz e voto, ás sesións que este realice.

3. Ademais, os membros do Pleno teñen dereito a recibir a información necesaria para o correcto exercicio das súas funcións.

4. Os membros do Pleno están obrigados a observar a máis absoluta confidencialidade respecto das informacións e datos recollidos ou coñecidos no exercicio das súas funcións.

5. Non se admitirán as delegacións de voto.

Artigo 59. *Perda da condición de vogal*

1. Ademais de pola terminación do mandato, a condición de vogal perderase por algunha das seguintes causas:

a) Cando desapareza calquera dos requisitos de elixibilidade que concorreron na súa elección.

b) Por resolución administrativa ou xudicial firme que anule a súa elección ou proclamación como candidato.

c) Por ausencia inxustificada a dúas sesións consecutivas ou a tres alternas no período dun ano, logo de incoación de expediente. A resolución deste expediente será impugnabile en vía administrativa.



d) Por ser sancionado, por actuación persoal ou da entidade a que representa, con resolución firme en vía administrativa por infracción grave ou moi grave contra as disposicións normativas relacionadas coa denominación. A persoa física ou xurídica en que se dea esta circunstancia non poderá ter a condición de elixible nunha posterior convocatoria electoral e ata que transcorresen dous anos desde que adquiriu firmeza a sanción, no caso de infracción grave, e cinco, no caso de moi grave.

e) Por causar baixa nos rexistros do Consello Regulador ou por perder a súa vinculación co subsector que o elixiu ou a entidade a que representa.

f) Por dimisión, renuncia ou calquera causa que incapacite para o desempeño do cargo.

g) Por morte dos que teñan a consideración de persoas físicas ou pola extinción da personalidade xurídica no caso dos membros do Pleno con forma societaria.

2. No caso de cesamento dun vogal por calquera das causas recollidas no número 1 anterior, a súa vacante será cuberta polo seu suplente. O mandato do novo vogal só durará ata que se realice a seguinte renovación do Pleno do Consello Regulador.

Artigo 60. *Funcións do Pleno*

Correspóndelle ao Pleno do Consello Regulador:

a) Aplicar as disposicións normativas da denominación, así como velar polo seu cumprimento e, en xeral, xestionar a DOP Mexillón de Galicia.

b) Aprobar os orzamentos de cada exercicio, a memoria de actividades e a liquidación orzamentaria do exercicio anterior, así como a súa remisión á consellería competente en produtos mariños.

c) Autorizar os gastos por importe superior a 3.000 euros, ou ao 2 % do orzamento anual, segundo cal sexa a cifra máis elevada.

d) Aprobar as cotas e outros recursos de financiamento do Consello Regulador e determinar os recursos da corporación.

e) Elaborar as propostas de modificación do regulamento para a súa aprobación pola consellería competente en produtos mariños.



f) Elaborar o Manual de calidade, procedementos operativos e instrucións técnicas para a súa aprobación pola consellería competente en produtos mariños, así como elaborar e aprobar normas de réxime interno.

g) Aprobar os cadros do persoal propio e as súas bases de contratación, sen prexuízo do establecido para o persoal adscrito ao órgano de control e certificación.

h) O control e fiscalización dos departamentos e órganos do Consello Regulador, coas particularidades establecidas para o órgano de control e certificación.

i) A aprobación dos convenios de colaboración e cooperación coas administracións públicas e con calquera outra entidade.

j) A adopción de acordos relativos á creación ou participación do Consello Regulador en asociacións, fundacións e sociedades civís ou mercantís, así como dos acordos para a súa supresión ou remate da participación.

k) O nomeamento e cesamento do secretario ou secretaria e persoal de dirección.

l) A aprobación dos informes que deban remitirse ás administracións públicas e relativos a materias da súa competencia.

m) A adopción de acordos sobre o exercicio de accións e a interposición de recursos ante calquera xurisdición.

n) O alleamento de patrimonio e a concertación de operacións de crédito.

o) A aprobación dos plans anuais de actuación e xestión do Consello Regulador.

p) A constitución, no seu seo, de comisións específicas.

q) O nomeamento de representantes noutras entidades.

r) Resolver en última instancia os recursos presentados contra calquera decisión ou resolución tomada no Consello Regulador.

s) Cantas outras funcións se lle atribúan neste regulamento, e aquelas outras propias do Consello Regulador non atribuídas especificamente á presidencia.



Artigo 61. Réxime de convocatorias do Pleno

1. O Pleno do Consello Regulador reunirse cando o convoque a presidencia, ben por iniciativa propia ben por petición da metade dos vogais, e será obrigatorio realizar sesión, polo menos, unha vez cada trimestre.

2. As sesións convocaranse por comunicación persoal aos membros deste, mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia da súa recepción e, cando menos, con oito días de anticipación.

A citación deberá ir acompañada da orde do día da reunión, con indicación do lugar, do día e da hora de realización, e non se poderán tratar máis asuntos que os previamente sinalados, agás que estean presentes todos os membros do Pleno e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

3. Para a inclusión na orde do día dun asunto determinado non incorporado pola presidencia será necesario que o solicite cando menos a terceira parte dos seus membros, con catro días de antelación, como mínimo, ao sinalado para a realización da reunión.

4. No caso de necesidade, cando así o requira a urxencia do asunto, a xuízo da presidencia, citaranse os vogais polos medios axeitados, e sempre que quede constancia da recepción da comunicación, con vinte e catro horas de anticipación, como mínimo.

5. Nos casos de falta de convocatoria, e con carácter excepcional, o Pleno do Consello Regulador quedará validamente constituído cando estean presentes a totalidade dos seus membros e así o acorden por unanimidade.

6. Cando un membro non poida asistir a unha sesión, comunicarllo ao Consello Regulador, expresando a causa da súa ausencia.

Artigo 62. Réxime de acordos

1. Os acordos do Pleno do Consello Regulador adoptaranse por maioría dos membros presentes, e para que sexan válidos será necesario que concorran, en primeira convocatoria, máis da metade dos seus membros, en segunda convocatoria é suficiente con que concorra máis dun terzo. A Presidencia terá voto de calidade.



2. Os acordos do Pleno do Consello Regulador que teñan carácter xenérico e afecten unha pluralidade de suxeitos notificaranse mediante o envío de circulares aos seus inscristos e expoñéndoo nas oficinas do Consello Regulador.

3. No caso de que os acordos do Pleno teñan un carácter persoal, notificaranse mediante escrito dirixido ao interesado.

Artigo 63. *Creación de comisións*

Para resolver cuestións de trámite ou naqueles casos en que se considere necesario, o Pleno do Consello Regulador poderá establecer comisións para tratar ou resolver asuntos concretos. As súas resolucións serán comunicadas ao Pleno na primeira reunión que este realice, para a súa validación.

Artigo 64. *A Presidencia*

1. A Presidencia do Consello Regulador será exercida pola persoa que elixa o Pleno, co voto favorable da maioría dos seus membros. O seu nomeamento farase mediante orde do titular da consellería competente en produtos mariños e faralle perder a súa condición de vogal.

2. A Presidencia do Consello Regulador non se poderá exercer por máis de dous mandatos consecutivos, agás nos casos en que a ausencia de candidatos alternativos o xustifique.

3. Non poderá exercer a Presidencia quen ocupe calquera cargo electivo dos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Artigo 65. *Perda de condición de presidente/a*

1. O presidente ou presidenta do Consello Regulador cesará, ademais de cando remate o mandato do Pleno que o elixiu, nos seguintes casos:

- a) Polo seu falecemento.
- b) Por petición propia, unha vez aceptada polo Pleno a súa dimisión.



c) Despois da aprobación, por maioría absoluta do Pleno, dunha moción de censura, que deberá ser proposta, polo menos, por un terzo dos seus membros, en sesión realizada para o efecto, e que incluírá necesariamente a proposta dun candidato á Presidencia do Consello Regulador.

d) Despois de sentenza firme que implique a súa inhabilitación para o cargo.

e) Polas demais causas recoñecidas no ordenamento xurídico.

f) Polas causas relacionadas coa perda da condición de vogal.

2. No caso de dimisión, cesamento, abandono ou morte do presidente ou presidenta, os vogais do Consello Regulador elixirán a persoa que o substitúa no prazo dun mes, agás a situación prevista na letra c) do número anterior, o que lle será comunicado á consellería competente en produtos mariños para o seu nomeamento. O mandato do novo presidente ou presidenta será só polo tempo que lle restase ao anterior.

Cando concorra calquera destes supostos, e mentres non se designe un novo presidente ou presidenta, este será substituído polo vicepresidente en orde de prelación.

Artigo 66. *Funcións da Presidencia*

1. Son funcións da Presidencia do Consello Regulador:

a) Representar legalmente o Consello Regulador e dirixir o seu goberno e administración.

b) Cumprir e facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias.

c) Sinalar a orde do día, convocar, presidir, suspender e levantar as sesións do Pleno e dirixir as súas deliberacións, decidindo nos empates co voto de calidade.

d) Dirixir e inspeccionar os servizos, administrar os ingresos e fondos do Consello Regulador, ordenar os pagamentos e render as contas. Esta competencia poderá ser delegada no secretario ou secretaria, logo da súa aprobación polo Pleno.

e) Organizar o réxime interior do Consello Regulador.



f) Proporlle ao Consello Regulador a contratación, suspensión ou renovación do seu persoal, sen prexuízo do establecido para o persoal integrado no órgano de control e certificación.

g) Informar a consellería competente en produtos mariños das incidencias que ocorran na produción, elaboración, transformación e mercado.

h) Remitirlle a consellería competente en produtos mariños aqueles acordos que adopte o Consello Regulador e que deban ser coñecidos por esta, conforme o disposto neste regulamento e demais normativa aplicable, así como aqueloutros que pola súa importancia considere que deben ser coñecidos pola Administración.

i) Executar os acordos adoptados polo Pleno.

j) Presidir os organismos e institucións que dependan ou poidan depender no sucesivo do Consello Regulador.

k) Asinar a correspondencia oficial do Consello Regulador.

l) Visar as actas e as certificacións dos acordos que se expidan.

m) Lexitimar coa súa sinatura os libros de contabilidade e calquera de natureza oficial, sen prexuízo das legalizacións establecidas pola lei.

n) Adoptar as medidas disciplinarias que procedan.

o) Representar o Consello Regulador en todos os actos xurídicos e exercer os dereitos e accións que lle correspondan.

p) Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Pleno, ditar cantas resolucións considere necesarias ou vantaxosas para a boa marcha do Consello Regulador e respecto dos asuntos non sometidos a estudo das comisións específicas que cree o Pleno, así como nos de extrema urxencia, dando conta ao Pleno na primeira sesión que este realice.

q) Dispor a repartición de asuntos, temas ou cuestións ás comisións específicas que cree o Pleno cando, ao seu xuízo, deban ser obxecto de estudo ou exame previo á consideración do Pleno.



r) Exercer as demais funcións que se establezan no regulamento da denominación, así como aquelas que o Pleno acorde ou que lle confíe a consellería competente en produtos mariños.

s) Exercer cantas outras funcións lle encomende a normativa vixente.

2. A Presidencia poderá delegar o exercicio das súas atribucións nas vicepresidencias, ou a favor de calquera membro do Pleno para a dirección e xestión de asuntos determinados.

Artigo 67. *As vicepresidencias*

1. O Consello Regulador contará con varias vicepresidencias, que serán exercidas por persoas elixidas por e entre os vogais electos de cada rexistro e nomeadas pola consellería competente en produtos mariños. O seu nomeamento non lle fará perder a súa condición de vogal.

2. As persoas que exerzan as vicepresidencias substituirán, pola súa orde, o presidente ou presidenta nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

3. As vicepresidencias exercerán, ademais, aquelas funcións que lles sexan delegadas pola Presidencia.

Artigo 68. *A Secretaría*

1. O Consello Regulador contará cun secretario ou secretaria, nomeado polo Pleno, que pertencerá ao seu cadro de persoal.

2. Las funciones específicas da Secretaría son os seguintes:

a) Preparar os traballos do Pleno e tramitar a execución dos seus acordos.

b) Asistir ás sesións do Pleno con voz pero sen voto, enviar as convocatorias, redactar as actas e custodiar os libros e documentos do Consello Regulador.

c) Os asuntos relativos ao réxime interior do Consello Regulador, tanto de persoal como administrativos, exercendo a xefatura inmediata sobre o persoal.



d) Recibir os actos de comunicación dos vogais do Consello Regulador e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.

e) Expedir certificacións de consulta, ditames e acordos aprobados, co visto e praxe do presidente.

f) As demais funcións que lle encomende a Presidencia, relacionadas coa preparación e instrución dos asuntos da competencia do Consello Regulador.

CAPÍTULO II

Réxime económico, administrativo e contable

Artigo 69. *Recursos de financiamento*

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador poderá contar cos seguintes recursos:

a) As cotas que deberán aboar os seus inscritos, que teñen natureza de ingresos privados, cos importes e condicións que fixe en cada momento o Pleno do Consello Regulador. Estas cotas poderán ser de dous tipos:

1º. Unha cota de inscrición e outra de renovación rexistral, de contía máxima 100 euros.

2º. Unha cota variable. Composta dun tramo fixo mínimo e un tramo complementario variable determinado en función da actividade do inscrito e baseado en factores obxectivos tales como número de operacións realizadas, rendemento, explotacións operativas ou o volume ou valor da produción, e que en función da caracterización asociativa do sector poderá ser adaptada e expresada porcentual ou nominalmente. A contía terá como límite máximo o 2 % do valor da produción intervida polo Consello Regulador calculada en función dos prezos medios estimados obxectivamente polo Pleno.

b) As contribucións dos inscritos, que teñen natureza de ingresos privados, para sufragar a prestación de servizos ou as funcións, investimentos e actividades específicas desenvolvidas polo Consello Regulador, calculadas en función dos custos e en factores obxectivos das actividades dos inscritos.

c) As rendas e produtos do seu patrimonio.



d) As doazóns, legados e demais axudas que poidan percibir.

e) As subvencións e axudas económicas, entre elas as que poidan establecerse anualmente nos orzamentos xerais das administracións públicas.

f) Calquera outro que lles corresponda percibir.

2. O Pleno do Consello Regulador acordará os recursos cos que vai contar e detallará canto sexa preciso para a aplicación deste artigo e, en particular, en relación con materias como devindicacións e prazos para o pagamento de cada un dos recursos; contías nominais ou porcentaxes que se van aplicar; os criterios de modulación e deducións e parámetros obxectivos sobre os que se basearán os cálculos e estimacións, de ser o caso.

Artigo 70. *Orzamento e memoria de actividades*

1. O Consello Regulador elaborará e aprobará, dentro do último trimestre de cada exercicio, o orzamento do exercicio seguinte. Se unha vez finalizado ese trimestre non se chega a aprobar o orzamento, entenderase prorrogado por períodos mensuais o do exercicio económico anterior, ata a aprobación do novo orzamento.

2. Ademais, o Consello Regulador elaborará anualmente, dentro do primeiro semestre do ano seguinte, unha memoria das actividades realizadas durante o ano inmediatamente anterior e a liquidación orzamentaria do exercicio pasado.

3. Os documentos mencionados no parágrafo anterior seranlle remitidos á consellería competente en produtos mariños no prazo dun mes, contado desde a data da súa aprobación polo Pleno.

Artigo 71. *Réxime contable*

O Consello Regulador levará un plan contable, que será aprobado pola Consellería de Facenda sendo de aplicación, coas súas peculiaridades propias, o disposto no título V, capítulo II do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e nas súas posteriores modificacións.

No plan contable reflectirase o movemento de ingresos e gastos de xeito separado, así como todas aquelas modificacións que se produzan na súa situación patrimonial.



Anualmente confeccionarase o correspondente balance, no cal se reflectirá a súa situación patrimonial, económica e financeira.

CAPÍTULO III

Persoal

Artigo 72. Persoal do Consello Regulador

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Regulador poderá contar co persoal necesario, contratado en réxime laboral, de conformidade co cadro de persoal aprobado polo Pleno de acordo coa súa capacidade orzamentaria. Este persoal rexerese polo convenio colectivo específico que se aprobe ou ao cal, de común acordo, decidan someterse.

2. Na contratación de persoal, o Consello Regulador axustarase á normativa de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

3. Para a contratación e cesamento do persoal do órgano de control e certificación, observarase, ademais, o disposto na Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e no Decreto 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, sobre as garantías na contratación e remoción do persoal dos órganos de control e certificación integrados nos consellos reguladores.

CAPÍTULO IV

Réxime electoral

Sección 1ª. Xeneralidades

Artigo 73. Obxecto

Este capítulo ten por obxecto establecer as normas para a elección de todos os membros do Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia.

Artigo 74. Duración do mandato electoral

1. A duración do mandato dos membros do Pleno do Consello Regulador será de catro anos, e poderán ser reelixidos.



2. O prazo anterior empezará a contar desde o día seguinte ao da súa toma de posesión, que deberá efectuarse segundo o calendario que se estableza na correspondente convocatoria.

3. Finalizado o mandato, e en todo caso durante o proceso electoral, os membros do Consello Regulador estarán en funcións e poderán realizar unicamente actos de trámite e os necesarios para a axeitada marcha da denominación, entre eles os relacionados co proceso electoral. A súa función rematará coa toma de posesión dos novos membros.

Artigo 75. *Convocatoria*

1. Nos dous meses anteriores á finalización do mandato dos membros do Consello Regulador, a consellería competente en produtos mariños convocará as eleccións, despois da consulta cos órganos de goberno do Consello Regulador.

Na dita convocatoria, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, determinarase o calendario a que deberá axustarse o proceso electoral, así como as regras aplicables a este.

2. O Consello Regulador dará publicidade da convocatoria mediante a exposición na súa sede, así como naqueles lugares e polos medios que considere máis oportunos para acadar a máxima difusión no seu ámbito sectorial e territorial.

Artigo 76. *Electores*

1. Poderán ser electores as persoas físicas ou xurídicas que, con anterioridade á data de entrada en vigor da correspondente orde de convocatoria, estean debidamente inscritas e con actividade nalgún dos censos do Consello Regulador, non carezan do dereito de sufraxio activo en virtude do disposto na normativa de réxime electoral xeral e non fosen sancionados con carácter firme coa suspensión da súa inscrición no rexistro correspondente.

2. As persoas xurídicas exercerán o seu dereito ao voto a través do seu representante legal.

3. O dereito de sufraxio exercerase, con carácter xeral, unha soa vez, é dicir, cada elector ten dereito a un único voto por cada inscrición individual que conste en cada rexistro en que se encontre inscrito.

4. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, no caso de que un mesmo titular figure inscrito en máis dun censo electoral, poderá ser elector en cada un deles.



Artigo 77. Elixibles

1. Serán elixibles como membros do Consello Regulador aquelas persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos para ser elector e que non estean incursas nas causas de inelixibilidade previstas na normativa de réxime electoral xeral.

2. No caso de que un mesmo titular figure inscrito en máis dun censo, só poderá ser elixible por un e deberá optar polo que máis lle interese.

Unha mesma persoa física ou xurídica, aínda que estea inscrita en varios rexistros do Consello Regulador, non poderá ter neste dobre representación, nin directamente nin a través de empresas vinculadas ou socios delas.

3. No caso de persoas xurídicas inscritas, o candidato a membro do Pleno será a propia persoa xurídica, que estará representada no Consello Regulador, de resultar elixida, pola persoa física que en cada momento designe o seu órgano de goberno.

Artigo 78. Sistema electoral

1. O sistema electoral aplicable será de carácter proporcional directo, considerando todas as candidaturas sen que sexa necesario reunir unha porcentaxe mínima de votos válidos emitidos.

2. Na respectiva orde de convocatoria de cada proceso electoral fixarase a representación por sectores, así como o número de vogais correspondentes a cada censo de acordo coa configuración plenaria establecida neste regulamento.

Artigo 79. Funcións da Xunta Electoral

1. A Xunta Electoral é o órgano supremo de supervisión do proceso electoral e nela estarán representados os diversos sectores que concorren ao proceso electoral e o persoal técnico da consellería competente en produtos mariños e dos seus entes e organismos dependentes.

2. A Xunta Electoral terá as seguintes funcións:

a) Garantir a transparencia e obxectividade do proceso electoral.



b) Vixiar o cumprimento por parte do Consello Regulador das funcións que se lle encomendan en relación co proceso electoral e prestarlle o apoio que precise no seu exercicio.

c) Cursar instrucións de obrigado cumprimento aos órganos de goberno do Consello Regulador en relación co proceso electoral e exercer a supervisión deste.

d) Resolver, con carácter vinculante, as consultas que lle eleven os órganos de goberno do Consello Regulador.

e) Revogar, de oficio ou por instancia de parte, as decisións dos órganos de goberno do Consello Regulador relacionadas co proceso electoral.

f) Resolver as queixas e reclamacións que se lle dirixan en relación co proceso electoral, sempre que non sexan competencia do Pleno do Consello Regulador.

g) Resolver os recursos que se interpoñan contra os acordos do Pleno do Consello Regulador relacionados co proceso electoral, de acordo cos prazos que se establezan no calendario electoral.

h) Unificar criterios interpretativos do órgano de goberno do Consello Regulador en relación co proceso electoral.

i) Corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral, sempre que non sexan constitutivas de delito.

j) Realizar a vixilancia das votacións.

k) Resolver as consultas que lle presenten os electores, candidaturas e membros das mesas ou, de ser o caso, outros órganos electorais.

l) Desenvolver calquera outra función e competencia relacionada co proceso electoral non atribuída ao órgano de goberno do Consello Regulador nin ás mesas ou, se é o caso, outros órganos electorais.

Artigo 80. *Composición da Xunta Electoral*

1. A Xunta Electoral terá a composición que se determine na orde da convocatoria e estará integrada por representantes das entidades organizativas sectoriais relacionadas



coa actividade da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, ademais de persoal técnico da consellería competente en produtos mariños e dos seus entes e organismos dependentes.

2. Ningún membro, titular ou suplente, da Xunta Electoral poderá presentarse como candidato a vogal nin ser membro do Pleno do Consello Regulador.

Artigo 81. *Presentación de candidatos á Xunta Electoral*

1. A presentación de candidatos á Xunta Electoral en representación de entidades organizativas sectoriais farase mediante solicitude acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade proponente.

b) Acordo do órgano de goberno en que se propoña o representante e o seu suplente.

c) Currículo dos candidatos titular e suplente.

d) Número de fax e/ou enderezo de correo electrónico autorizados pola organización para os efectos de recepción das convocatorias e comunicacións relacionadas co proceso electoral.

2. No suposto de entidades organizativas sectoriais integradas noutras de ámbito superior, aquelas unicamente poderán presentar candidatos se estas non o fixeren.

3. As candidaturas á xunta presentaranse, segundo o calendario electoral, ante a consellería competente en produtos mariños e deberán conter cada unha un titular e un suplente.

Artigo 82. *Designación de membros da Xunta Electoral*

1. A designación de todos os membros da Xunta Electoral, titulares e suplentes, será realizada mediante resolución do director xeral con competencias en materia de denominacións de calidade da consellería competente en produtos mariños.

2. Na dita designación teranse en conta a formación académica e a experiencia dos candidatos así como, no caso dos representantes de entidades organizativas sectoriais, o seu grao de implantación na actividade da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia.



3. Contra a dita resolución poderase interpor recurso ante a persoa titular da consellería competente en produtos mariños no prazo que se determine na orde de convocatoria.

4. O mandato dos membros da Xunta Electoral concluirá 100 días despois da celebración das eleccións.

5. Os membros da Xunta Electoral que asistan ás súas reunións terán dereito a percibir as indemnizacións que se establezan na orde de convocatoria.

Artigo 83. *Censo electoral*

O censo electoral será elaborado polo Consello Regulador e estará constituído por todos e cada un dos titulares inscritos e con actividade nos rexistros correspondentes do Consello Regulador, de acordo co que se establece neste regulamento e na orde de convocatoria.

Artigo 84. *Constitución do Pleno electo*

1. O Pleno resultante do proceso electoral constituirase o día que se estableza na orde de convocatoria, os novos membros electos tomarán posesión en sesión presidida por un representante da Administración, designado para o efecto pola titular da consellería competente en produtos mariños. Para a realización desta sesión precisarase un quórum de dous terzos.

2. A seguir, na mesma sesión, o Consello Regulador en Pleno elixirá por maioría a quen vai exercer os cargos de presidente e vicepresidentes, de acordo co establecido neste regulamento. No caso de empate na elección dalgún dos cargos, procederase no terceiro día hábil seguinte a unha nova votación. De persistir o empate, procederíase de novo de igual xeito e, en caso de non se desfacer, decidiríase por sorteo que realizará a Xunta Electoral entre os candidatos que tivesen o mesmo número de apoios na última votación.

3. As persoas elixidas para os cargos de presidente e vicepresidentes serán nomeadas posteriormente pola titular da consellería competente en produtos mariños.

4. Unha vez constituído o Pleno do Consello Regulador, as vacantes que se producisen por finamento, abandono, dimisión, cesamento na actividade ou calquera outra causa, dalgún dos seus membros, serán cubertas a partir da lista a que pertencía o dito membro e pola orde nela establecida.



*Sección 2ª. Proceso electoral***Artigo 85. Comisión Electoral**

Sen prexuízo das normas establecidas anteriormente, o Consello Regulador nomeará unha comisión electoral.

Artigo 86. Constitución da Comisión Electoral

1. O Pleno designará a Comisión Electoral que estará composta polo presidente e polo menos tres vogais, un en representación de cada sector, e un representante nomeado pola consellería competente en produtos mariños, con voz, pero sen voto. Como secretario actuará o do Pleno do Consello Regulador.

2. Ningún membro da Comisión Electoral poderá presentarse como candidato a membro do Pleno do Consello Regulador.

3. No caso de incorrer na incompatibilidade anterior, o Pleno elixirá os membros da Comisión Electoral de entre os vogais suplentes e, na súa falta, aleatoriamente de entre os rexistros do Consello Regulador.

4. Unha vez nomeada, a Comisión Electoral deberá reunirse en sesión constitutiva no máis breve prazo e tomaran acordos pola maioría dos asistentes, que nunca serán menos da metade.

5. Os membros da Comisión Electoral terán dereito a percibir indemnizacións por desprazamento e axudas de custo pola dedicación prestada ao exercicio das súas funcións.

Artigo 87. Funcións da Comisión Electoral

A Comisión Electoral terá atribucións plenas en todas as funcións e actividades relativas ao proceso electoral, sen prexuízo das funcións asignadas á Xunta Electoral, tales como:

1. Elaboración e publicación dos censos de electores a partir dos inscritos nos rexistros respectivos.

2. Aprobación e publicación dos censos electorais definitivos.



3. Recepción das candidaturas a vogais do Consello Regulador.
4. Proclamación provisoria de candidatos.
5. Determinar o número de mesas electorais e a sede en que se localizarán.
6. Designación dos compoñentes da mesa electoral e comunicación da súa composición aos interesados.
7. Dar resposta ás consultas que lle eleven os electores, candidatos, a mesa electoral e membros da propia mesa.
8. Asesorar e resolver, de oficio ou por instancia de parte, as decisións da mesa electoral.
9. Prover todo o material necesario para a realización das eleccións.
10. Dispoñer, ordenar e supervisar as votacións.
11. Fomentar e asegurar a transparencia e obxectividade do proceso electoral.
12. Proclamación provisoria dos vogais electos.
13. Resolver cantas reclamacións e recursos que sobre a súa función se lle dirixan.
14. Resolver en primeira instancia as reclamacións sobre inclusión ou non inclusión no censo electoral.
15. Calquera outra que lle atribúa este regulamento ou que, sen esa condición, contribúa ao bo fin do proceso electoral, sempre que non resulten alteradas as normas do réxime e do proceso electoral.

Artigo 88. *Elaboración dos censos*

O Consello Regulador elaborará os censos de electores conforme a estrutura fixada no artigo 56.1.b) e c) do regulamento e, de ser o caso, deberán figurar ordenados por entidades asociativas e alfabeticamente, asignándolle un número de orde.



Artigo 89. Condicións dos censos

1. Para figurar nos censos electorais e ter a condición de elector será necesario reunir as seguintes condicións:

a) Estar inscrito no rexistro correspondente do Consello Regulador antes da entrada en vigor da orde de convocatoria de eleccións.

b) Non estar inhabilitado para o exercicio do dereito de sufraxio activo.

c) Cumprir o estipulado no artigo 43.2.

Artigo 90. Publicidade dos censos

1. A Comisión Electoral, despois das comprobacións que xulgue oportunas, dilixenciará os censos coas sinaturas do secretario da comisión e o conforme do presidente. A seguir, ordenará a exposición do censo electoral alfabético na sede do Consello Regulador e a súa remisión ás delegacións provinciais da consellería competente en produtos mariños, e remitirá os censos por asociacións a cada unha das entidades asociativas vinculadas á denominación, no prazo de 5 días hábiles.

2. A remisión dos censos provisionais aos lugares citados nos puntos anteriores deberá realizarse achegando oficio do secretario da Comisión Electoral.

Artigo 91. Reclamacións e resolución

Poderanse formular reclamacións e recursos contra os censos no prazo de 3 días hábiles.

A Comisión Electoral resolverá as reclamacións presentadas no prazo de 3 días hábiles, contados desde a súa presentación.

Artigo 92. Publicidade dos censos definitivos

Resoltas as reclamacións presentadas contra o censo electoral, a Comisión Electoral volverá publicar de igual forma os censos electorais definitivos no prazo de 3 días hábiles.



Artigo 93. Candidatos e candidaturas

1. O número de vogais correspondentes a cada censo ou subcenso será o establecido no artigo 56 deste regulamento, aos cales se postularán as candidaturas correspondentes a cada un dos censos.

2. Serán elixibles os pertencentes a cada un dos censos electorais, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 77 deste regulamento, sempre e cando non se encontren incursos nas causas de inelixibilidade previstas nos artigos 6.2 e 7 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

Artigo 94. Presentación de candidaturas

1. Poderán propoñer candidaturas ás eleccións grupos de inscritos, cooperativas, asociacións e organizacións profesionais, sempre que cumpran as condicións que se establecen nesta norma, e que sexan avaladas, polo menos, polo 5 % do total de electores do censo de que se trate.

2. As candidaturas, e demais documentación e trámites electorais, presentaranse nas oficinas administrativas do Consello Regulador mediante solicitude de proclamación ante a Comisión Electoral no prazo de 10 días hábiles contados a partir da conclusión do prazo establecido no artigo 92.

3. As candidaturas presentaranse mediante lista pechada de candidatos que non poderán superar en número aos membros establecidos no artigo 56 do regulamento, e conterá un suplente por cada titular.

4. As listas expresarán claramente os datos seguintes:

a) O nome, apelidos e NIF dos candidatos, tanto titulares como suplentes, así como o nome da entidade asociativa vinculada ao Consello Regulador a que pertence ou a indicación independente.

b) A orde de colocación dos candidatos dentro de cada lista.

c) A sinatura de todos e cada un dos candidatos a vogal.

5. A identidade dos asinantes acreditarase perante a Comisión Electoral, que comprobará se os propostos figuran nos censos correspondentes.



6. No caso das persoas xurídicas, tamén se xuntará certificación do acordo do órgano de goberno ou reitor polo cal propoñen o seu representante.

7. No caso de falta de designación expresa, entenderase que a cabeza de lista actuará como representante seu, e será o encargado de realizar todas as xestións da respectiva candidatura ante a Comisión Electoral, así como será o chamado a recibir as notificacións que esta poida realizar.

Artigo 95. *Proclamación provisional de candidaturas*

1. Finalizado o prazo de presentación, a Comisión Electoral proclamará provisionalmente as candidaturas, salvo causa de inelixibilidade ou non inclusión no censo, circunstancia que, denunciada ou apreciada pola Comisión Electoral, suporá a exclusión do candidato.

2. No caso de que se presente unha única candidatura ou lista para un censo ou subcenso, ou o número total de candidatos das listas presentadas non fose superior ao de vogais a elixir, esta lista ou listas serán proclamadas pola Comisión Electoral sen necesidade de que continúe o proceso electoral para ese censo ou subcenso.

Artigo 96. *Exposición e proclamación definitiva de candidaturas*

1. Unha vez proclamadas provisionalmente as distintas candidaturas, a Comisión Electoral acordará a súa exposición nos mesmos lugares establecidos para a exhibición dos censos por un prazo de 3 días hábiles.

2. Expostas as distintas candidaturas poderán presentarse reclamacións ante a Comisión Electoral, por un prazo de 3 días hábiles.

3. A Comisión Electoral deberá resolver estas reclamacións no prazo de 2 días hábiles a partir da finalización do prazo do punto 2 deste artigo, proclamando as candidaturas definitivas e acordando a súa exposición pública. A resolución destas poderá ser impugnada pola Xunta Electoral.

4. Unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas, se estas chegan a un acordo de repartición das vogalías, presentado por escrito ante a Comisión Electoral antes da finalización da campaña electoral, darase por concluído o proceso electoral para ese censo ou subcenso, e os candidatos serán proclamados vogais.



Artigo 97. *Circunstancias especiais das candidaturas*

Cando non se presentasen candidaturas, a mesa electoral disporá de tantas urnas como censos e procederase do seguinte xeito:

Nas papeletas de voto, específicas para o caso, os votantes escribirán os números que figuran no censo e que identifica cada persoa física ou xurídica ás cales desexan dar o seu voto.

O número máximo de persoas físicas ou xurídicas que se poden designar nas papeletas de voto de cada censo está limitado ao estipulado no artigo 56 deste regulamento.

A cada un dos censos correspóndelle elixir un número de vogais conforme a composición do Consello Regulador establecido no artigo 56 do regulamento.

Artigo 98. *Campaña electoral*

1. Enténdese por campaña electoral, para os efectos deste regulamento, o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iniciarase ás 00.00 horas do día hábil posterior ao da proclamación definitiva de candidaturas.

3. A campaña electoral finalizará ás 24.00 horas do sétimo día de campaña.

Artigo 99. *Papeletas e sobres*

A Comisión Electoral aprobará e ordenará a confección dos modelos oficiais de documentos que se van utilizar no proceso electoral (papeletas de voto, acreditacións, etc.) e proverá á mesa electoral de mobiliario, urnas, papeletas de voto, sobres e de todo o material necesario para a realización das eleccións.

Cada papeleta conterá unha única candidatura ou, no caso de ausencia destas, espazos habilitados para a identificación das persoas ás cales se desexa dar o voto.

Artigo 100. *Apoderados e interventores*

Os representantes de cada unha das candidaturas que se presenten ás eleccións poderán apoderar interventor a calquera inscrito nos censos do Consello Regulador, co obxec-



to de que exerza a representación da candidatura correspondente para todos os efectos electorais.

Artigo 101. *Mesas electorais*

1. A mesa electoral central é o órgano encargado de presidir as votacións, realizar o escrutinio, publicar resultados e velar pola pureza do sufraxio.

A Comisión Electoral designará a mesa electoral central e as mesas electorais periféricas, que estarán integradas por un presidente e dous vogais, por sorteo entre o censo de electores que corresponda a cada unha delas, maiores de idade, que saiban ler e escribir.

2. Co obxecto de facilitar aos inscritos o acceso ao voto, as entidades asociativas vinculadas ao Consello Regulador poderán solicitar á Comisión Electoral que unha mesa electoral periférica se constitúa no seu ámbito territorial. Tal solicitude deberase presentar ante a Comisión Electoral no prazo que vai desde a data de convocatoria de eleccións ata o remate do prazo de presentación de candidaturas.

3. Os membros das mesas electorais teñen dereito á indemnización de gastos e axudas de custo, que se lles aboarán no día da votación, polo mesmo importe que se teña establecido para os membros do Pleno do Consello Regulador.

4. Igualmente procederase ao nomeamento de suplentes por cada un dos membros da mesa.

Artigo 102. *Designación dos membros das mesas electorais*

1. Os cargos de presidente e vogal das mesas electorais son obrigatorios. Non poderán exercelos aquelas persoas que se presenten como candidatos.

2. Unha vez realizada a súa designación, deberalles ser notificada aos interesados no máis breve prazo, dispoñendo estes dun prazo de 4 días hábiles para alegaren ante a Comisión Electoral causa xustificada que lles impida aceptar o cargo.

A Comisión Electoral resolverá no prazo de dous días hábiles sen ulterior recurso.

Artigo 103. *Constitución das mesas electorais*

1. A votación realizarase entre as 11.00 horas e as 17.00 horas do segundo día posterior á finalización da campaña electoral.



2. O presidente e os vogais da mesa electoral, así como os seus suplentes, reuniranse ás 10.00 horas da mañá do día das votacións no local designado para a votación.

3. Se o presidente non acude, substituirase polo suplente. No caso de faltar este, tomará posesión como presidente o primeiro vogal ou o segundo por esta orde. Os vogais que non acudisen ou que tomasen posesión como presidente serán substituídos polos seus suplentes.

4. En ningún caso poderá constituírse a mesa sen presenza dun presidente e dous vogais. No caso de que non se poida cumprir este requisito, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudisen estenderán e subscribirán unha declaración dos feitos acontecidos e, de inmediato, a Comisión Electoral nomeará as persoas máis idóneas para constituír a mesa electoral.

Artigo 104. *Acta das mesas electorais periféricas*

Os presidentes das mesas electorais periféricas expedirán unha acta no momento da constitución da mesa que pecharán ao finalizar as súas funcións como tal, asinándoa todos os membros da mesa. Nela expresarán os compoñentes da mesa, a identificación de interventores, a suficiencia de material, a hora de inicio das votacións, as anomalías ou aspectos que, pola súa relevancia e transcendencia, sexan merecentes de quedaren reflectidos ao longo da xornada, a hora do peche das votacións, as reclamacións formuladas coa identificación dos seus reclamantes e a resolución dada a estas, e o número de votos emitidos segundo os marcados no documento do censo.

Finalizadas as votacións, os presidentes serán responsables de precintar as urnas de votación, da súa custodia e transporte inmediato á mesa electoral central, xunto coa acta, o documento do censo utilizado nelas, e demais documentación, se a houber.

Artigo 105. *Acta da mesa electoral central*

O presidente da mesa electoral central expedirá unha acta no momento da constitución da mesa que pechará ao finalizar as súas funcións como tal, asinándoa todos os membros da mesa. Nela expresará os compoñentes da mesa, a identificación de interventores, a suficiencia de material, a hora de inicio das votacións, as anomalías ou aspectos que, pola súa relevancia e transcendencia, sexan merecentes de quedaren reflectidos ao longo da xornada, e a hora do peche das votacións.



Igualmente, fará constar a recepción de cada acta e demais documentación de cada mesa electoral periférica e da correspondente urna precintada, da súa apertura e reconto do número de sobres de votación que introducirá na urna da mesa electoral central, e que será conforme co establecido na acta da correspondente mesa periférica.

Finalmente, fará constar as condicións de transparencia do escrutinio e a expresión detallada do resultado, cos votos emitidos, os nulos, en branco e os asignados a cada candidatura, as reclamacións formuladas coa identificación dos seus reclamantes e a resolución dada a estas, asinándoa todos os membros da mesa.

Artigo 106. *Do voto*

O voto será presencial, acreditando o dereito de voto pola inscrición do elector nas listas certificadas do censo. A persoa física que o vai exercer, directamente ou en calidade de representante que teña demostrado tal condición, deberá acreditar a súa identidade mediante o DNI, pasaporte ou permiso de condución, en que apareza a fotografía do seu titular.

Artigo 107. *Denegación do exercicio de voto*

Denegáraselle o exercicio do voto a quen no momento de exercelo se teña constancia de que o emitiu con anterioridade.

Artigo 108. *Escrutinio das votacións*

Unha vez concluída a votación, o presidente da mesa electoral central procederá ao reconto dos votos, extraendo as papeletas da urna e lendo en voz alta o nome das candidaturas ou candidatos votados, os emitidos en branco e os considerados nulos.

Feito o reconto de votos, o presidente preguntaralles aos asistentes se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio, resolvendo e deixando constancia dela.

A seguir, formulará en voz alta o seu resultado, especificando o número de votos emitidos, de votos válidos, nulos e en branco e o de votos obtidos por cada candidatura, deixando expresión escrita deles na acta de votacións.

Este procedemento repetirase para cada un dos censos referidos.

Unha vez finalizada a xornada electoral, o presidente da mesa faralle entrega á Comisión Electoral de toda a documentación derivada do proceso e do material utilizado.



Artigo 109. *Asignación dos resultados*

1. A Comisión Electoral, con base na documentación recibida, procederá á asignación dos postos de elección para cada un dos censos por asignación proporcional directa dos votos válidos emitidos.

2. Cando non se presentasen candidaturas, as vogalías serán asignadas ás persoas físicas ou xurídicas segundo os votos recibidos.

Artigo 110. *Proclamación de vogais electos*

Unha vez obtidos os resultados dos artigos anteriores, a Comisión Electoral proclamará provisionalmente os vogais electos do Consello Regulador.

Contra o acordo de proclamación provisional poderase interpor recurso no prazo de tres días hábiles, que a Xunta Electoral resolverá en igual prazo, proclamando definitivamente os vogais electos, convocando o Pleno do Consello Regulador para a toma de posesión dos vogais dentro do prazo máximo estipulado, co fin de acordar e formularlle á consellería competente en produtos mariños o nomeamento de presidente do Consello Regulador.

TÍTULO III**Infraccións, sancións e procedemento****Artigo 111. *Réxime sancionador***

O marco legal do réxime sancionador da DOP Mexillón de Galicia é o establecido no título VI da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e cantas disposicións concordantes na materia estean vixentes.

Disposición adicional primeira. *Cómputo de prazos*

Os prazos previstos nas normas electorais expiran ás 14.00 horas do último día do prazo.

Disposición adicional segunda. *Rexistros*

Valídanse as inscricións previamente existentes á entrada en vigor deste regulamento no Rexistro de Bateas, o Rexistro de Centros de Depuración-Expedición e o Rexistro de Transformadores que vén mantendo o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, sen prexuízo do cumprimento, por cada un dos inscritos, das obrigas estipuladas neste regula-



mento, ao que se deberán adaptar en prazo dun ano. Iguais condicións son aplicables ao directorio de marcas.

Disposición adicional terceira. *Aplicación contable*

Dáse continuidade aos saldos contables previamente existentes á entrada en vigor deste regulamento, e en canto non se produza a aprobación que establece o artigo 71 seguirase mantendo o plan contable actual con aplicación do Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.

Disposición transitoria única. *Subcontratación de actuacións relacións coa certificación*

Non obstante o contido do artigo 45, mentres non se produza a necesaria acreditación pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) do Consello Regulador no cumprimento da Norma ISO 17065, este, en virtude do establecido no punto 2 do artigo 65 do Decreto 4/2007, deberá subcontratar todas ou algunhas das actuacións relacionadas coa certificación.

Disposición derradeira única. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase o Pleno do Consello Regulador para elaborar as normas precisas de réxime interno para o desenvolvemento deste regulamento.

Anexo ao Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e o seu consello regulador.

**Logotipo da denominación xeográfica protexida
Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia**

